



William Díaz

Graduado en Trombón-Jazz polo Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Completou a súa formación asistindo a múltiples master classes de improvisación en música jazz.

Foi trombonista, percusionista e corista en diferentes orquestras. Actualmente continúa formando parte de diversas agrupacións.

Combina a súa vida musical e docente.

WILLIAM DÍAZ

MESTRE TROMBÓN - JAZZ

Historial Académico

Nacido en Cuba en 1977.

Comeza os seus estudos oficiais no Conservatorio Amadeo Roldán de Cuba. Posteriormente gradúase en Trombón Jazz no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Ademais complementa a súa formación con diferentes Master Classes como *Curso de Improvisación de Jazz* impartido por Don Gileno Santana, Carlos Barreto, Xosé Miguélez e José Marrucho; *Curso de Improvisación* impartido por Randal Hall; *Jazz Improvisación* impartido por Steve Brown; *Linguaxe e improvisación jazzística* impartido por Xosé Miguélez; e *Linguaxe e improvisación jazzística* con Julia Hülsmann.

Experiencia

Foi trombonista, percusionista e corista na Orquesta Dan Den de Cuba e na Orquesta Pablo FG de Cuba. Desde o 2007 ao 2018 colabora e forma parte de diferentes orquestras do panorama galego.

Forma parte dos grupos Son de Camagüey, Timbabana, e Sergio Delgado & Cuban Brass. É membro fundador do grupo de jazz Zafrá desde 2018. Tamén continúa colaborando con outras agrupacións, incluso como percusionista.

Participou na gravación de numerosos CD's. En 2011 colabora no DVD *Galitalia Jazz Meeting* coa Big Band do CSM Coruña, enmarcado na 6ª Edición do programa *Iberojazz* dirixida por Kin García, Antonio Solimene e Rosario Giuliani; en 2014 volve colaborar coa mesma Big Band na gravación dun DVD dirixido por Hansel Luis con solista Walter White; en 2015 grava o CD *FAME* coa Orquesta de Jazz de Galicia e dirixido por Roberto Somoza; en 2016 gravación do CD+DVD *Corrente do Golfo Project* dirixido por Alberto Conde; en 2016 gravación da *Blue Devils Big Band Barrel House* dirixida por Roberto Somoza; e en marzo de 2019 gravación do DVD do concerto de fin de vida de Carlos Barruso, *Carlos Barruso e amigos*.

Combina a súa faceta de músico, trombonista e integrante de diversas agrupacións, coa súa faceta de docente.